



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
A ASOCIACIÓN GALEGA DAS PERSOAS MAIORES, XUBILADOS E PENSIONISTAS
(**ASOGAPEM**) PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación Galega das
Personas Maiores, Xubilados e Pensionistas (ASOGAPEM) o instrumento convencional
arriba referido por un período de vixencia por un período de vixencia que estenderá os
seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería
de Política Social para o financiamento das actividades dirixidas ós maiores que
desenvolve ASOGAPEM: Programas de actividades deportivas, de mantemento e
mellora da axilidade mental, así como charlas sobre a protección xurídica das persoas
maiores..

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á
consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con
Discapacidade, ten entre as súas funcións e competencias ás relativas á atención das
persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións
dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal,
de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións
interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa
actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de
forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a
calidade na prestación de servizos.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio recollidas na súa cláusula primeira, a
súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao





previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato o Sector Público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

